



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2023

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar as actas das reunións anteriores (ordinaria de 23 de novembro e extraordinaria de 11 de decembro de 2023).
2. Remitir un escrito aos docentes e coordinador da materia de Dereito da Unión Europea da área de Dereito Constitucional, recordando o procedemento a seguir no suposto de que sexa necesario modificar as datas de impartición da materia.
3. Validar os Informes do PAT do curso 2022/2023 do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía e os informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso 2022/2023.
4. Delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade e nas Sras. Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía e Procura a competencia para organizar a realización dos informes de seguimento das titulacións oficiais do centro.
5. Remitir á Xerencia as necesidades de formación do PAS do centro (SIGMA, formación en inglés na área de Grao e Posgrao) e elaboración de Memorias (xefes de área). En canto ao persoal de conserxaría, solicítase formación continua en manexo de sistema audiovisuais).
6. Aprobar as propostas de formación de PDI (Firma electrónica e formación en SIGMA en asuntos relacionados co Campus Docente).

Ourense, 22 de decembro de 2023

A SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.